

por parte de empresas inscritas neles, polo director provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, polo director da Administración correspondente, conforme a distribución de competencias establecida para eles en materia de aprazamentos.

c) Os solicitantes ós que se lles concedese a bonificación ficarán obrigados, non obstante esta, a presentaren os documentos de cotización na mesma forma e prazos establecidos con carácter xeral, aínda cando non ingresen as cotas.

2. As solicitudes de devolución das cotas xa ingresadas e que sexan obxecto de bonificación, incluídas, se é o caso, as recargas e as custas que se satisfíxesen, poderanse presentar xunto coa solicitude de concesión da bonificación e, en todo caso, dentro do prazo establecido no número 1.b) do artigo anterior, debéndose xuntar para tal efecto os documentos acreditativos do seu pagamento.

2.1 Se o que tiver dereito á devolución continuar en alta no réxime da Seguridade Social correspondente, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, salvo manifestación expresa en contrario do interesado, poderá aplicar, total ou parcialmente, as cantidades que se devolvan ó pagamento das cotas que deba aboa-lo beneficiario a partir da data de notificación da resolución que recoñeza o dereito á devolución, facéndoo constar expresamente na dita resolución.

2.2 Se o que tiver dereito á devolución for debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ó pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do dereito daquel a solicitar aprazamento extraordinario de tódalas cotas pendentes que, deste modo, non sexan compensadas, nos termos establecidos na orde do 26 de maio de 1999, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1637/1995, do 6 de outubro.

Artigo 3. *Acreditación dos danos causados polo accidente do buque «Prestige».*

Para efectos do disposto no artigo anterior, será suficiente para acredita-los danos sufridos que a empresa, se é o caso, obtivese resolución favorable no expediente de regulación de emprego, no suposto de que fose solicitado como consecuencia dos prexuízos causados polo accidente do buque «Prestige», ou que tanto o empresario afectado como o traballador por conta propia obtivesen a documentación acreditativa das perdas a que se refire o número 1.a) do artigo precedente.

Disposición adicional.

Nas referencias feitas ós traballadores na presente orde entenderanse incluídos tamén os socios traballadores das cooperativas encadrados no réxime xeral e réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Disposición derradeira.

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de decembro de 2002.

ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

Excmo. Sr. Secretario de Estado da Seguridade Social.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

23570 *ORDE PRE/3044/2002, do 3 de decembro, pola que se determinan os termos municipais e os núcleos de poboación onde resultan de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige».* («BOE» 290, do 4-12-2002.)

O Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», dispón, no parágrafo terceiro do seu artigo 1, que por orde do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, por proposta do delegado do Goberno en Galicia, se determinará o ámbito territorial de aplicación das medidas por referencia ós termos municipais e núcleos de poboación afectados.

Na súa virtude, por proposta do delegado do Goberno en Galicia, dispoño:

Primeiro.—Para os efectos previstos no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», os termos municipais e núcleos de poboación afectados son os que figuran no anexo da presente orde.

Segundo.—Para os efectos das accións reparadoras que levarán a cabo os departamentos ministeriais competentes a que se refire o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, entenderanse tamén incluídos aqueles outros nos que para a correcta execución das obras necesarias sexan imprescindibles as actuacións dos devanditos departamentos.

Terceiro.—Esta orde entrará en vigor o mesmo día da publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de decembro de 2002.

RAJOY BREY

ANEXO

Relación de termos municipais e núcleos de poboación para efectos de determina-lo ámbito de aplicación territorial do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro

Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Cedeira, Cee, Corcubión, Corme, Coruña, A, Culleredo, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Laracha, A, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mañón, Miño, Mugardos, Muros, Muxía, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ortigueira, Outes, Paderne, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Sada, Valdoviño e Vimianzo.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

23571 *REAL DECRETO 1247/2002, do 3 de decembro, polo que se regula a xestión do Fondo de cohesión sanitaria.* («BOE» 290, do 4-12-2002.)

A Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de

régime común e cidades con Estatuto de autonomía, fundaméntase nos principios de xeneralidade, estabilidade, suficiencia, autonomía, solidariedade e coordinación.

O principio de suficiencia asegura que tódalas comunidades autónomas dispoñen dos recursos suficientes para atender a prestación dos servizos asumidos; este principio concrétese en tres elementos: o cálculo das necesidades de financiamento, a regulación dos seus recursos e as súas regras de evolución, deseñados de forma que se garante a suficiencia estática e dinámica.

No ámbito sanitario, a suficiencia contempla non só unha asignación de base capitativa, senón que, naqueles casos en que esta sexa inferior ás necesidades de financiamento rexistradas (gasto liquidado do ano base), garátese a cobertura das devanditas necesidades. Con esta previsión do lexislador, incorpórase ó sistema a flexibilidade financeira necesaria para que tódalas comunidades autónomas dispoñan dos recursos económicos que lles permitan non só garantir a cobertura sanitaria da súa poboación, senón tamén atender os maiores custos que se derivan da especialización e desenvolvemento dos seus servizos sanitarios: docencia, investigación, excelencia e asistencia sanitaria prestada a pacientes desprazados.

Nembargantes, ademais desta garantía de suficiencia, a citada lei establece, no seu artigo 4.B).c), un fondo adicional, o Fondo de cohesión sanitaria.

Dado que co novo sistema de financiamento se consolidaron os recursos sanitarios necesarios para a asistencia prestada ós desprazados, o fondo destínase, no caso dos desprazados españois, a compensalos desprazamentos que responden á necesaria canalización da demanda cara a aqueles servizos dispoñibles só en determinadas comunidades autónomas, por motivos de racionalidade económica.

En consecuencia, o fondo busca establecer incentivos para que estas comunidades autónomas faciliten a mobilidade dos cidadáns españois, co obxectivo último de garantir igualdade no acceso en todo o territorio español.

No que respecta á atención dos desprazados a cargo da institución doutros estados cos que España teña subscrita unha norma internacional que regule a asistencia sanitaria a desprazados, contemplados na Lei 21/2001, a regulación do fondo responde á necesidade de adaptar ó novo esquema competencial, de plena descentralización da asistencia sanitaria, a compensación por este concepto, reconducindo esta compensación ós servizos de saúde das comunidades autónomas.

A distribución do Fondo de cohesión sanitaria debe articularse de acordo coa súa regulación específica, correspondéndolle ó Ministerio de Sanidade e Consumo, de conformidade co previsto na xa mencionada Lei 21/2001, establece-lo procedemento para compensar con cargo ó fondo as comunidades autónomas polo saldo neto da asistencia prestada a desprazados.

Sobre a base do anterior, este real decreto regula a xestión e distribución do Fondo de cohesión sanitaria establecido na Lei 21/2001, do 27 de decembro, e dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.^a e 17.^a da Constitución española e no artigo 4.B).c) da xa citada Lei 21/2001, do 27 de decembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, coa previa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de novembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-los criterios e procedementos que posibiliten a xestión e dis-

tribución do Fondo de cohesión sanitaria, establecido no artigo 4.B).c) da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.

Artigo 2. *Actividades cun custo que será compensado polo Fondo de cohesión sanitaria.*

1. Compensaranse as comunidades autónomas, con cargo ó Fondo de cohesión sanitaria, polo custo da asistencia sanitaria nos seguintes supostos:

1.º Desprazados residentes en España:

a) A asistencia programada prestada a aqueles pacientes residentes en España, con dereito á asistencia sanitaria da Seguridade Social, que se despracen a outra comunidade autónoma distinta daquela na que teñen a súa residencia habitual, con autorización expresa da comunidade autónoma de orixe e en coordinación coa comunidade autónoma de recepción, cando na comunidade autónoma de residencia non se dispoña dos servizos hospitalarios que se requiren, ou estes sexan manifestamente insuficientes para atender a poboación, dentro do ámbito territorial da devandita comunidade, por algún dos procesos que figuran no anexo I deste real decreto.

Nos supostos non contemplados no parágrafo anterior, o financiamento da asistencia sanitaria ós desprazados residentes en España efectuarase conforme ó sistema xeral previsto na Lei 21/2001, do 27 de decembro.

b) Os procesos incluídos no anexo II deste real decreto compensaranse con cargo ó Fondo de cohesión sanitaria cando se trate da atención sanitaria a cidadáns residentes en provincias limítrofes de distintas comunidades autónomas.

2.º Desprazados a cargo dunha institución doutro estado:

A atención sanitaria a cidadáns desprazados a España, en estancia temporal, respecto ós que, en virtude da aplicación dos regulamentos (CEE) número 1408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, e número 574/72 do Consello, do 21 de marzo de 1972, ou dos convenios subscritos por España en materia de Seguridade Social, o dereito á asistencia sanitaria sexa por conta dunha institución doutro estado, sempre que estes cidadáns entrasen e permanecesen legalmente en España e a asistencia prestada estea cuberta polos citados convenios internacionais.

2. O Ministerio de Sanidade e Consumo, logo de informe do Ministerio de Facenda, actualizará a lista de procesos contemplados nos anexos I e II, na medida en que os sistemas de información e a evidencia científica dispoñibles o permitan.

Esta actualización terá especialmente en conta a incorporación de procesos que requiren alta tecnoloxía, suficientemente probada a través dos usos tutelados, así como os procedementos especiais que se realizan nos hospitais sen internamento.

Artigo 3. *Distribución da compensación do Fondo de cohesión sanitaria ás comunidades autónomas pola asistencia sanitaria prestada a desprazados residentes en España.*

1. No caso da asistencia contemplada no artigo 2, punto 1.1.º, relativa a desprazados residentes en España, a asignación de cada comunidade autónoma será o saldo

o neto do custo compensable pola asistencia sanitaria citada.

Este saldo establecerá de forma normalizada o Ministerio de Sanidade e Consumo sobre a base:

a) Do custo que figura nos anexos I e II deste real decreto para os procesos hospitalarios, medidos en termos de grupos de diagnósticos relacionados (GDR), e para as técnicas e procedementos diagnósticos e terapéuticos ambulatorios.

b) Do sistema de información do sistema nacional de saúde sobre fluxos de pacientes entre comunidades autónomas baseado nos modelos que figuran no anexo III, que o Ministerio de Sanidade e Consumo desenvolverá e manterá a partir do 1 de xaneiro de 2003.

2. Anualmente, co previo informe do Ministerio de Facenda, o Ministerio de Sanidade e Consumo actualizará o custo destes procesos a euros do ano corrente, a partir da última estimación dispoñible do custo por proceso (GDR).

Para efectos desta actualización ó ano que corre, o crecemento anual deste custo, no período comprendido entre o último ano dispoñible e o ano que corre, non superará o do índice de prezos de consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística ou, no seu defecto, o deflactor do consumo final dos fogares contemplado nas últimas previsións macroeconómicas dispoñibles dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 4. Distribución da compensación do Fondo de cohesión sanitaria ás comunidades autónomas pola asistencia sanitaria prestada a desprazados a cargo da institución doutro estado.

1. No caso da atención sanitaria prestada a desprazados a cargo da institución doutro estado, contemplada no artigo 2, punto 1.2.º, a contía global da compensación será igual ó saldo neto positivo correspondente ó gasto real, resultante da diferenza, no ámbito nacional, entre o importe recadado en concepto de prestacións de asistencia sanitaria dispensada, en estancia temporal, a cidadáns respecto dos cales a asistencia sanitaria corra por conta da institución doutro estado e o importe efectivamente pagado por España, pola asistencia sanitaria dispensada a cidadáns cando esta corra por conta do estado español, durante a súa estancia temporal noutros estados, ó abeiro da normativa internacional en ámbolos supostos.

2. A distribución entre comunidades autónomas do saldo neto determinado no punto anterior realizarase de forma proporcional á facturación que cada comunidade presente polo dito concepto ante o órgano competente, de acordo coa normativa á que fai referencia o artigo 2, punto 1.2.º

3. O saldo neto establecido no punto 1 deste artigo, correspondente ó gasto real do último exercicio cerrado, xunto coa distribución da facturación por comunidades autónomas realizada durante o mesmo exercicio, seralle comunicado ó Ministerio de Sanidade e Consumo polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ó longo do último cuadrimestre do ano seguinte ó último exercicio cerrado.

Artigo 5. Procedemento para a liquidación.

O Ministerio de Sanidade e Consumo, ó longo do último cuadrimestre de cada ano, efectuará unha liquidación separada para cada un dos supostos contemplados no artigo 2.1 de acordo cos criterios establecidos nos artigos 3 e 4, tomando como período de referencia o ano anterior.

Artigo 6. Comisión de seguimento do Fondo de cohesión sanitaria.

Créase unha comisión de seguimento do Fondo de cohesión sanitaria no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, con categoría de grupo de traballo, que estará integrada por representantes de todas as comunidades autónomas, do Ministerio de Sanidade e Consumo, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e do Ministerio de Facenda.

As funcións desta comisión serán:

a) Emitir informe, con carácter previo á súa actualización, sobre as propostas de modificación da lista de procesos contemplados nos anexos I e II deste real decreto, na medida en que os sistemas de información e a evidencia científica dispoñibles o permitan, de acordo cos criterios establecidos no artigo 2, punto 1.1.º

b) O seguimento do sistema de información sobre fluxos de pacientes establecido neste real decreto.

c) A coordinación entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Administración sanitaria das comunidades autónomas para trata-las cuestións referentes á facturación pola asistencia sanitaria prestada no suposto contemplado no artigo 2, punto 1.2.º

d) Finalmente, ocuparase de todas aquelas cuestións relacionadas co Fondo de cohesión sanitaria que o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde lle encomende.

Disposición transitoria única. Distribución do Fondo de cohesión sanitaria no ano 2002 e 2003.

Para os anos 2002 e 2003 a distribución do Fondo de cohesión sanitaria entre comunidades autónomas calcularase sobre a base dos criterios xerais establecidos neste real decreto, aínda que para o caso dos desprazados residentes en España este cálculo tomará como referencia os pacientes hospitalizados de acordo cos últimos datos dispoñibles no conxunto mínimo básico de datos á alta hospitalaria.

Estas liquidacións anuais terán carácter provisional e deberán ser obxecto de regularización no prazo máximo dun ano desde a data en que se fagan efectivas, de acordo cos criterios xerais establecidos neste real decreto.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a e 17.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. Facultades de desenvolvemento.

Facúltase a ministra de Sanidade e Consumo para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

ANEXO I

A) Procesos hospitalarios

Código	AP-GDR (14.1)	Descrición	Contido	Custo por proceso 2002 (euros)	Custo compensable 2002 (euros)
GDR1	1	Craniotomía, agás por trauma. Idade > 17.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes maiores de 17 anos ingresados por unha enfermidade do sistema nervioso non traumática ós que se lles practicou unha craniotomía ou radiocirurxía estereoatáctica. Os procedementos máis frecuentemente asociados a esta craniotomía son: derivación ventriculoperitoneal, extirpación de lesión cerebral ou menínxea, procedementos de drenaxe ou reparación de aneurisma cerebral.	9.183	3.673
GDR2	2	Craniotomía por trauma. Idade > 17.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes maiores de 17 anos ingresados por un traumatismo cerebral ós que se lles practicou unha craniotomía ou radiocirurxía estereoatáctica. Os procedementos máis frecuentemente asociados a esta craniotomía son: drenaxe de hematoma ou absceso, descompresión ou redución de fractura cranial ou derivación ventricular.	7.596	3.038
GDR4	4	Procedementos espiñais.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do sistema nervioso ós que se lles practicou unha intervención espiñal ou sobre a columna vertebral como: excisión de disco intervertebral, descompresión da canle raquídea, artrodeses vertebrais con ou sen enxerto ou implantes metálicos, inserción ou retirada dun neuroestimulador medular, reparación de meningocele ou excisión de lesión de medula espiñal.	7.758	3.103
GDR5	5	Procedementos vasculares extracraniais.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do sistema nervioso ós que se lles practicou unha intervención sobre vasos extracraniais como: endarterectomía carotídea ou doutras arterias precerebrais, «by-pass» aorto-subclavio ou aorto-carotídeo. Tamén se se lles practicou un procedemento como angioplastia percutánea.	4.335	1.734
GDR7	7	Procedementos sobre nervios craniais e periféricos e outros procedementos cirúrxicos do sistema nervioso con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do sistema nervioso ós que se lles practicou unha intervención sobre nervios craniais ou periféricos agás liberación do túnel carpiano. As máis frecuentes son: excisión de nervio cranial ou periférico, descompresión ou lise de adherencias de nervios ou ganglios periféricos, suturas ou transposición de nervio ou implantación de neuroestimulador espiñal.	5.164	2.066
GDR8	8	Procedementos sobre nervios craniais e periféricos e outros procedementos cirúrxicos do sistema nervioso sen CC.	Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como infección ou hematoma postoperatorios ou enfermidade pulmonar obstructiva crónica. É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do sistema nervioso ós que se lles practicou unha intervención sobre nervios craniais ou periféricos agás liberación do túnel carpiano. As máis frecuentes son: excisión de nervio cranial ou periférico, descompresión ou lise de adherencias de nervios ou ganglios periféricos, suturas ou transposición de nervio ou implantación de neuroestimulador espiñal.	2.971	1.188
GDR9	9	Trastornos e lesións espiñais.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade da medula espiñal, conxénita ou adquirida, como: fractura vertebral con lesión medular, cuadriplexia ou paraplexia conxénitas ou lesión medular da cola de cabalo.	6.722	2.689
GDR14	14	Trastornos cerebrovasculares específicos, agás accidente isquémico transitorio.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade cerebrovascular específica, agás accidente isquémico transitorio, como: hemorraxia cerebral non traumática, embolia ou trombose cerebral con infarto cerebral ou accidente cerebrovascular agudo.	3.047	1.219
GDR20	20	Infección do sistema nervioso, agás meninxite vírica.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por unha infección do sistema nervioso, agás meninxite vírica, como: meninxite meningocócica, pneumocócica, ou por bacteria non especificada, encefalite vírica ou de causa non especificada ou polineurite infecciosa aguda.	4.749	1.900

o

Código	AP-GDR (14.1)	Descrición	Contido	Custo por proceso 2002 (euros)	Custo compensable 2002 (euros)
GDR37	37	Procedementos sobre a órbita.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por enfermidades oculares ós que se lles practicou unha intervención sobre a órbita como: extracción do contido do ollo, evisceración do globo ocular, enucleación do ollo con ou sen implante ou reparación de ferida en órbita.	2.537	1.015
GDR49	49	Procedementos maiores de cabeza e colo, agás por neoplasia maligna.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade ORL, agás neoplasia maligna, ós que se lles practicou unha intervención de cabeza e colo como: glosectomía, larinxectomía, disección radical de colo ou mandibulectomía.	5.421	2.168
GDR75	75	Procedementos torácicos maiores.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade respiratoria ós que se lles practicou unha intervención torácica maior como: segmentectomía, lobectomía ou pneumonectomía, escarificación pleural, biopsia pulmonar ou bronquial abertas, excisión local de lesión pulmonar ou cirurxía de timo, de pericardio ou de diafragma.	6.750	2.700
GDR76	76	Outros procedementos cirúrxicos de aparello respiratorio con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade respiratoria ós que se lles practicou un procedemento invasivo como: mediastinoscopia, toracoscopia, biopsia pulmonar ou bronquial endoscópica, biopsia linfática ou de mediastino cerradas, destrución de lesión larínxea, traqueal ou costal, ou punción pulmonar. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: metástase cerebral ou ósea, enfermidade pulmonar obstructiva crónica ou insuficiencia respiratoria aguda.	6.280	2.512
GDR77	77	Outros procedementos cirúrxicos de aparello respiratorio sen CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade respiratoria ós que se lles practicou un procedemento invasivo como: mediastinoscopia, toracoscopia, biopsia pulmonar ou bronquial endoscópica, biopsia linfática ou de mediastino cerradas, destrución de lesión larínxea, traqueal ou costal, ou punción pulmonar.	3.293	1.317
GDR82	82	Neoplasias respiratorias.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por unha neoplasia maligna respiratoria que non foron intervidos.	3.469	1.388
GDR83	83	Traumatismo torácico maior con CC.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por un traumatismo torácico como: fractura cerrada de 3 ou máis costelas, fractura aberta dunha ou máis costelas, fractura de esterno ou feridas pulmonares. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como derrame pleural.	2.174	870
GDR84	84	Traumatismo torácico maior sen CC.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por un traumatismo torácico como: fractura cerrada de 3 ou máis costelas, fractura aberta dunha ou máis costelas, fractura de esterno ou feridas pulmonares.	1.606	642
GDR88	88	Enfermidade pulmonar obstructiva crónica.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por enfermidade pulmonar obstructiva crónica (xeralmente bronquite crónica agudizada) ou por bronquiectasias.	2.519	1.008
GDR89	89	Pneumonía simple e pleurite. Idade > 17 con CC.	É un GRD médico que agrupa pacientes maiores de 17 anos ingresados por pneumonía simple ou pleurite. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: enfermidade pulmonar obstructiva crónica, derrame pleural, insuficiencia cardíaca ou bronquiectasias.	3.000	1.200
GDR90	90	Pneumonía simple e pleurite. Idade > 17 sen CC.	É un GRD médico que agrupa pacientes maiores de 17 anos ingresados por pneumonía simple ou pleurite.	2.229	892
GDR103	103	Transplante cardíaco.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ós que se lles practicou un transplante cardíaco no ingreso actual.	51.280	20.512
GDR104	104	Procedementos sobre válvulas cardíacas con cateterismo cardíaco.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicou unha intervención cardíaca como: substitución de válvula, valvuloplastia aberta ou implantación ou substitución dun cardioversor-desfibrilador automático. Ademais, a estes pacientes practicóuselles un cateterismo cardíaco, unha coronariografía ou un estudio electrofisiolóxico durante o ingreso.	15.835	6.334

Código	AP-GDR (14.1)	Descrición	Contido	Custo por proceso 2002 (euros)	Custo compensable 2002 (euros)
GDR105	105	Procedementos sobre válvulas cardíacas sen cateterismo cardíaco.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicou unha intervención cardíaca como: substitución de válvula, valvuloplastia aberta ou implantación ou substitución dun cardioversor-desfibrilador automático. A estes pacientes non se lles practicou cateterismo cardíaco, coronariografía ou un estudo electrofisiolóxico durante o ingreso.	11.580	4.632
GDR106	106	«By-pass» coronario con cateterismo cardíaco.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicou un «by-pass» coronario. Ademais, a estes pacientes practicóuselles cateterismo cardíaco, coronariografía, valvuloplastia percutánea ou anxioplastia coronaria percutánea durante o ingreso.	10.884	4.354
GDR107	107	«By-pass» coronario sen cateterismo cardíaco.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicou un «by-pass» coronario. A estes pacientes non se lles practicou cateterismo cardíaco, coronariografía, valvuloplastia percutánea ou anxioplastia coronaria percutánea durante o ingreso.	8.824	3.530
GDR108	108	Outros procedementos cardiorráxicos.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicou intervencións cardiorráxicas diversas como: reparación de cardiopatía conxénita, cirurxía reparadora de válvula cardíaca, revisión de reparación cardíaca, excisión de lesión cardíaca, reparación de aneurisma coronario ou resección de aorta toracoabdominal.	7.307	2.923
GDR110	110	Procedementos cardiovasculares maiores con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicou unha intervención cardiovascular como: cirurxía de grandes vasos torácicos e abdominais como «by-pass» aortobifemoral ou aortocarotídeo ou reparación de aneurismas, valvulotomía cerrada, cirurxía do pericardio, anastomose cava-arteria pulmonar, «shunt» sistémico pulmonar, implantación de balón de contrapulsación ou dun sistema de asistencia cardíaca ou masaxe cardíaca aberta. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: infección postoperatoria, enfermidade pulmonar oclusiva crónica, embolia periférica ou insuficiencia cardíaca.	8.530	3.412
GDR111	111	Procedementos cardiovasculares maiores sen CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicou unha intervención cardiovascular como: cirurxía de grandes vasos torácicos e abdominais como «by-pass» aortobifemoral ou aortocarotídeo ou reparación de aneurismas, valvulotomía cerrada, cirurxía do pericardio, anastomose cava-arteria pulmonar, «shunt» sistémico pulmonar, implantación de balón de contrapulsación ou dun sistema de asistencia cardíaca ou masaxe cardíaca aberta.	5.745	2.298
GDR112	112	Procedementos cardiovasculares percutáneos sen infarto agudo de miocardio, insuficiencia cardíaca ou shock.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicou un procedemento cardiovascular percutáneo como: valvuloplastia, anxioplastia coronaria transluminal, ablación cardíaca ou estudo electrofisiolóxico, e non teñen infarto agudo de miocardio, insuficiencia cardíaca ou shock.	3.515	1.406
GDR113	113	Amputación por trastornos circulatorios, agás membro superior e dedas do pé.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio, incluída a arteriopatía diabética, ós que se lles practicou unha amputación de membro inferior a nivel supracondíleo, subrotuliano, transmetatarsiano ou desarticulación da cadeira.	5.798	2.319
GDR114	114	Amputación de membro superior e dedas do pé por trastornos circulatorios.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio, incluída a arteriopatía diabética, ós que se lles practicou unha amputación de membro superior ou de dedas do pé ou unha revisión de toco de amputación.	4.888	1.955

o

Código	AP-GDR (14.1)	Descrición	Contido	Custo por proceso 2002 (euros)	Custo compensable 2002 (euros)
GDR115	115	Implantación de marcapasos cardíaco permanente con infarto agudo de miocardio, fallo cardíaco ou shock.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por infarto agudo de miocardio, insuficiencia cardíaca ou shock ós que se lles implantou un marcapasos cardíaco permanente.	7.428	2.971
GDR116	116	Implantación de marcapasos cardíaco permanente sen infarto agudo de miocardio, fallo cardíaco ou shock.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio, agás infarto agudo de miocardio, insuficiencia cardíaca ou shock ós que se lles implanta un marcapasos cardíaco permanente ou un desfibrilador automático.	5.576	2.230
GDR120	120	Outros procedementos cirúrxicos sobre o aparello circulatorio.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade do aparello circulatorio ós que se lles practicaron intervencións diversas como: creación ou revisión dunha fístula arteriovenosa para diálise renal, simpatectomía, desbridamento de ferida, excisión radical de lesión de pel, laparotomía ou enxerto cutáneo.	4.316	1.726
GDR121	121	Trastornos circulatorios con infarto agudo de miocardio e complicacións cardiovasculares. Alta con vida.	É un GRD médico que agrupa pacientes dados de alta vivos que ingresaron por un infarto agudo de miocardio e que tiveron unha complicación cardiovascular como: aneurisma ventricular ou coronario, insuficiencia cardíaca, embolia pulmonar, síndrome de Dressler, bloqueo cardíaco, arritmia, parada cardíaca, disección de aorta, rotura de músculo papilar, insuficiencia renal aguda ou shock. Tamén se agrupan neste GRD os pacientes que ingresaron por unha enfermidade cardiovascular como as comentadas e tiveron un infarto agudo de miocardio unha vez ingresados.	4.357	1.743
GDR122	122	Trastornos circulatorios con infarto agudo de miocardio sen complicacións cardiovasculares. Alta con vida.	É un GRD médico que agrupa pacientes dados de alta vivos que ingresaron por un infarto agudo de miocardio ou que o desenvolveron unha vez ingresados e non tiveron complicacións cardiovasculares.	3.825	1.530
GDR124	124	Trastornos circulatorios, agás infarto agudo de miocardio con cateterismo e diagnóstico complexo.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por un trastorno circulatorio complexo (agás infarto agudo de miocardio) ou que o desenvolveron unha vez ingresados e ós que se lles practicou un cateterismo cardíaco ou coronariografía. Os trastornos circulatorios complexos son enfermidades como: anxina inestable, miocardiopatías, rotura do músculo papilar, insuficiencia cardíaca, parada cardíaca, shock ou pericardite, miocardite ou endocardite agudas.	3.370	1.348
GDR125	125	Trastornos circulatorios, agás infarto agudo de miocardio con cateterismo sen diagnóstico complexo.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por un trastorno circulatorio non complexo (agás infarto agudo de miocardio) ós que se lles practicou un cateterismo cardíaco ou coronariografía. Estes trastornos circulatorios son enfermidades como: cardiopatía isquémica, valvulopatía, cardiopatía hipertensiva ou cor pulmonale.	1.778	711
GDR126	126	Endocardite aguda e subaguda.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por endocardite aguda ou subaguda bacteriana ou sen especificar, endocardite en histoplasmosis ou endocardite meningocócica, sifilítica, gonocócica ou candidiásica.	6.769	2.708
GDR127	127	Insuficiencia cardíaca e shock.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por insuficiencia cardíaca, shock, cardiopatía hipertensiva con fallo conxectivo ou enfermidade hipertensiva cardiorenal con fallo conxectivo e renal.	2.913	1.165
GDR131	131	Trastornos vasculares periféricos sen CC.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade vascular periférica como: arterioesclerose de membros inferiores, aneurisma de aorta torácica ou abdominal roto ou sen rotura, disección de aorta, arteriopatía diabética, trombose arterial ou embolia periférica, algunhas tromboses venosas coma a dos membros superiores, síndrome posflebética ou varices.	1.882	753
GDR137	137	Trastornos cardíacos conxénitos e valvulares. Idade < 18.	É un GRD médico que agrupa pacientes menores de 18 anos ingresados por cardiopatías conxénitas, valvulopatías adquiridas, endocardite reumática aguda, rotura do músculo papilar ou complicación de prótese valvular.	1.218	487

Código	AP-GDR (14.1)	Descrición	Contido	Custo por proceso 2002 (euros)	Custo compensable 2002 (euros)
GDR138	138	Arritmias cardíacas e trastornos de condución con CC.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por arritmias cardíacas, trastornos de condución ou complicación mecánica de marcapasos ou desfibrilador cardíacos. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: insuficiencia cardíaca, miocardiopatía, valvulopatía, enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, insuficiencia renal, cardiopatía hipertensiva con fallo cardíaco, hipertiroidismo ou diabete complicada.	2.361	944
GDR139	139	Arritmias cardíacas e trastornos de condución con CC.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por arritmias cardíacas, trastornos de condución ou complicación mecánica de marcapasos ou desfibrilador cardíacos.	1.470	588
GDR140	140	Anxina de peito.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados por anxina inestable, de esforzo, nocturna ou de Prinzmetal.	2.068	827
GDR146	146	Resección rectal con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha resección de recto. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: metástases na maioría dos casos hepáticas, infección, hemorraxia ou obstrucción postoperatoria ou enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.	7.596	3.038
GDR147	147	Resección rectal con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha resección de recto.	5.609	2.244
GDR148	148	Procedementos maiores de intestino delgado e grosso con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha intervención intestinal como: sigmoidectomía, hemicolectomía, colectomía total, resección parcial de intestino delgado ou grosso ou colostomía. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: metástase (na maioría dos casos hepáticas), infección, hemorraxia ou obstrucción postoperatorias ou enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.	6.966	2.786
GDR149	149	Procedementos maiores de intestino delgado e grosso sen CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha intervención intestinal como: sigmoidectomía, hemicolectomía, colectomía total, resección parcial de intestino delgado ou grosso ou colostomía.	5.168	2.067
GDR150	150	Adhesiolise peritoneal con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha liberación de adherencias peritoneais. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: infección, hemorraxia ou obstrucción postoperatorias ou enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.	5.827	2.331
GDR152	152	Procedementos menores do intestino delgado e grosso con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha intervención intestinal como: peche de estoma intestinal, incisión de intestino delgado ou proctotomía. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: infección, hemorraxia ou obstrucción postoperatorias ou enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.	5.807	2.323
GDR153	153	Procedementos menores do intestino delgado e grosso sen CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha intervención intestinal como: peche de estoma intestinal, incisión de intestino delgado ou proctotomía.	14.456	5.782
GDR154	154	Procedementos sobre estómago, esófago e duodeno. Idade > 17 con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes maiores de 17 anos ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha intervención como: gastrectomía total ou parcial, vagotomía, piloroplastia, reparación de hernia diafragmática ou esplenectomía. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: metástases (na maioría dos casos hepáticas), infección, hemorraxia ou obstrucción postoperatorias ou enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.	7.764	3.106

o

Código	AP-GDR (14.1)	Descrición	Contido	Custo por proceso 2002 (euros)	Custo compensable 2002 (euros)
GDR155	155	Procedementos sobre estómago, esófago e duodeno. Idade > 17 sen CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes maiores de 17 anos ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha intervención como: gastrectomía total ou parcial, vagotomía, piloroplastia, reparación de hernia diafragmática ou esplenectomía.	4.526	1.810
GDR170	170	Outros procedementos cirúrxicos sobre o aparello dixestivo con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade dixestiva ós que se lles practicou unha intervención como: laparotomía exploradora, laparoscopia diagnóstica ou biopsia hepática, biliar ou pancreática abertas. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: metástase, infección, hemorraxia ou obstrución postoperatorias ou enfermidade pulmonar obstructiva crónica.	5.558	2.223
GDR191	191	Procedementos sobre páncreas, fígado e derivación con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade hepatobiliar ou pancreática ós que se lles practicou unha intervención pancreática (incluído o transplante), hepática ou derivacións venosas abdominais. As máis frecuentes son: excisión de lesión de fígado, hepatectomía parcial, esfinterotomía pancreática cirúrxica, «shunt» portocava ou pancreatectomía proximal. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: neoplasias, cirrose, varices esofáxicas ou hemorraxias, infeccións ou obstrucións postoperatorias.	8.728	3.491
GDR192	192	Procedementos sobre páncreas, fígado e derivación sen CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade hepatobiliar ou pancreática ós que se lles practicou unha intervención pancreática (incluído o transplante), hepática ou derivacións venosas abdominais. As máis frecuentes son: excisión de lesión de fígado, hepatectomía parcial, esfinterotomía pancreática cirúrxica, «shunt» portocava ou pancreatectomía proximal.	5.980	2.392
GDR193	193	Procedementos sobre vía biliar, agás só colecistectomía con ou sen exploración do conducto biliar con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade hepatobiliar ou pancreática ós que se lles practicou unha intervención biliar, agás só colecistectomía. As máis frecuentes son: colecistostomía, anastomose de vesícula biliar ou conducto biliar, extirpación de lesión local e todas elas poden estar ou non asociadas a exploración do conducto biliar ou a colecistectomía. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: pancreatite aguda, neoplasias, cirrose ou hemorraxias, infeccións ou obstrucións postoperatorias.	8.048	3.219
GDR194	194	Procedementos sobre vía biliar, agás só colecistectomía con ou sen exploración do conducto biliar sen CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade hepatobiliar ou pancreática ós que se lles practicou unha intervención biliar, agás só colecistectomía. As máis frecuentes son: colecistostomía, anastomose de vesícula biliar ou conducto biliar, extirpación de lesión local e todas elas poden estar ou non asociadas a exploración do conducto biliar ou a colecistectomía.	5.703	2.281
GDR199	199	Procedemento diagnóstico hepatobiliar por neoplasia maligna.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por neoplasia maligna hepatobiliar ou pancreática ós que se lles practicou unha intervención diagnóstica hepatobiliar. As máis frecuentes son: laparotomía exploradora, laparoscopia, colangiografía intraoperatoria ou biopsia aberta hepática, biliar, pancreática ou peritoneal.	6.662	2.665
GDR200	200	Procedemento diagnóstico hepatobiliar agás por neoplasia maligna.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade non maligna hepatobiliar ou pancreática ós que se lles practicou unha intervención diagnóstica hepatobiliar. As máis frecuentes son: laparotomía exploradora, laparoscopia, colangiografía intraoperatoria ou biopsia aberta hepática, biliar, pancreática ou peritoneal.	4.511	1.804
GDR201	201	Outros procedementos cirúrxicos hepatobiliar ou de páncreas.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade hepatobiliar ou pancreática ós que se lles practicou unha intervención como: gastrostomía, gastroenterostomía, lise de adherencias peritoneais, ligadura cirúrxica de varices esofáxicas, manipulacións intestinais ou reparación peritoneal.	6.747	2.699

Código	AP-GDR (14.1)	Descrición	Contido	Custo por proceso 2002 (euros)	Custo compensable 2002 (euros)
GDR286	286	Procedementos sobre suprarrenais e hipófise.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade endócrina, nutricional ou metabólica ós que se lles practicou unha intervención como: suprarrenalectomía, hipofisectomía, resección de glándula pineal, radiocirurxía estereotáxica ou procedementos diagnósticos sobre estas glándulas como biopsias.	6.046	2.418
GDR287	287	Enxerto de pel e desbridamento de ferida por trastornos endócrinos, nutricionais e metabólicos.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade endócrina, nutricional ou metabólica ós que se lles practicou un enxerto cutáneo, desbridamento excisional de ferida, reamputación de toco ou inserción de expansor de tecidos, agás mama.	5.249	2.100
GDR288	288	Procedementos cirúrxicos para obesidade.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha obesidade ós que se lles practicou unha intervención como: gastroenterostomía, «by-pass» gástrico proximal, mamoplastia reductora ou outras plastias reductoras.	3.721	1.488
GDR292	292	Outros procedementos cirúrxicos endócrinos, nutricionais ou metabólicos con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade endócrina, nutricional ou metabólica ós que se lles practicaron intervencións diversas como: cirurxía de timo, biopsia ósea ou linfática, certas intervencións oculares ou palpebrais, certas reparacións vasculares ou dixestivas, transplante pancreático ou implantación de bomba de infusión. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: metástase linfática, insuficiencia renal crónica ou infección urinaria.	7.544	3.018
GDR302	302	Transplante renal.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ós que se lles practicou un transplante renal no ingreso actual.	17.387	6.955
GDR303	303	Procedementos sobre ril e uréter e maiores sobre vexiga por neoplasia.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha neoplasia benigna ou maligna renal ou de vías urinarias ós que se lles practicou unha intervención como: nefrectomía, cistectomía total ou radical, nefrostomía, pielotomía, nefroureterectomía, «by-pass» aortorrenal, biopsia aberta renal ou ureteral, ureterectomía, ureterostomía cutánea, ureteroneocistostomía, anastomose ou reparación ureteral, ureteropexia ou resección radical linfática.	5.972	2.389
GDR304	304	Procedementos sobre ril e uréter e maiores sobre vexiga por proceso non neoplásico con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade renal ou de vías urinarias non neoplásica ós que se lles practicou unha intervención como: nefrostomía, pielotomía, nefrectomía, nefroureterectomía, «by-pass» aortorrenal, biopsia aberta renal ou ureteral, ureterectomía, ureterostomía cutánea, ureteroneocistostomía, anastomose ou reparación ureteral, ureteropexia, cistectomía total ou radical ou resección radical linfática. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como enfermidade pulmonar obstructiva crónica ou infección de ferida cirúrxica.	5.801	2.320
GDR305	305	Procedementos sobre ril e uréter e maiores sobre vexiga por proceso non neoplásico sen CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade renal ou de vías urinarias non neoplásica ós que se lles practicou unha intervención como: nefrostomía, pielotomía, nefrectomía, nefroureterectomía, «by-pass» aortorrenal, biopsia aberta renal ou ureteral, ureterectomía, ureterostomía cutánea, ureteroneocistostomía, anastomose ou reparación ureteral, ureteropexia, cistectomía total ou radical ou resección radical linfática.	4.307	1.723
GDR308	308	Procedementos menores sobre vexiga con CC.	É un GRD cirúrxico que agrupa pacientes ingresados por unha enfermidade renal ou de vías urinarias ós que se lles practicou unha intervención vesical como: cistotomía, cistectomía parcial, biopsia vesical aberta, cistouretroplastia, implante de esfínter urinario artificial ou suspensión uretrovesical. Ademais, estes pacientes teñen outro diagnóstico etiquetado de complicación ou comorbilidade como: enfermidade pulmonar obstructiva crónica, infección de ferida cirúrxica ou infección urinaria.	4.364	1.746
GDR317	317	Admisión para diálise renal.	É un GRD médico que agrupa pacientes ingresados para a realización de hemodiálise, diálise peritoneal ou para implantación, retirada ou substitución de catéter de diálise.	1.190	476

o

Código	AP-GDR (14.1)	Descrición	Contido	Custo por proceso 2002 (euros)	Custo compensable 2002 (euros)
